

**ORDE DANOS INCENDIOS (anticipado de gasto 2018)**

<b>Data publicación</b>	30/10/2017 (DOG núm. 206)		
<b>Prazo solicitudes</b>	Iníciase o día 31 de outubro e remata o 30 de novembro		
<b>Liñas de axuda</b>	<b>Contía máxima</b>	<b>Conceptos subvencionables (VE non subvencionable)</b>	
I. Infraestruturas de titularidade privada	15.000 €	Pistas forestais, captacións de augas (casetas e instalación de distribución); cerramentos (cancelas, postes, malla, arame...), bebedeiros e comedeiros (substitución por bebedeiros ou comedeiros móbiles).	
II. Reparación de maquinaria e equipamento forestal danado en colaboración extinción incendios	50.000 €	Gastos de reparación de maquinaria danada con motivo da colaboración en tarefas de extinción. En caso de destrución total poderá ser substituída por maquinaria nova ou usada.	
III. Madeira amoreada queimada e de corta	25.000 €	Gastos de extracción ou eliminación de madeira de talla comercial amoreada na zona queimada; tamén os gastos de corta, recollida e astelado de madeira queimada non comercial en pé.	
IV. Maquinaria agrícola	25.000 €	Gastos de reparación de bens, maquinaria, equipamentos e medios de produción das explotacións agrícolas ou gandeiras. En caso de destrución total poderá ser substituída por maquinaria nova ou usada.	
V. Perda total ou parcial das producións agrícolas ou gandeiras	15.000 €	Danos sufridos na produción agrícola da campaña.	
VI. Morte de gando ou perda de colmeas	15.000 €	O valor dos animais mortos ou das colmeas destruídas e queimadas.	
VII. Adquisición de alimento para gando ou colmeas	3.000 €	O valor da alimentación complementaria que hai que dar aos animais e colmeas superviventes nas zonas queimadas, para un período máximo de tres meses.	
<b>Beneficiarios</b>	Persoas físicas ou xurídicas propietarias ou arrendatarias de terreos forestais e titulares de explotacións agrícolas e gandeiras (excluídos organismos públicos). Unha mesma persoa pode solicitar as sete liñas de axuda. No caso de danos causados a maquinaria e equipamento nos labores de extinción as persoas beneficiarias serán as persoas físicas ou xurídicas propietarias dos mesmos, con exclusión dos organismos públicos.		
<b>Data resolución</b>	Remata o 30 de xaneiro de 2018 (a partir desta data enténdense desestimadas as solicitudes).		
<b>Prazo xustificación</b>	Remata o 14 de setembro (ampliabile; a ampliación do prazo de execución debe solicitarse cunha antelación mínima dun mes antes de que remate o prazo)		
<b>Financiamento</b>	Liñas I, II, III	1.000.000 €	
	Liñas IV, V, VI, VII	500.000 €	